

## ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

Raquel María Souto García, xerenta  
José González Groba, vicexerente de Recursos Humanos  
José Manuel Fernández Viña, xefe do Servizo de PAS  
Margarita González Hernández, xefa da sección de Emprego e Programas (Secretaria)

#### COMITÉS DE EMPRESA

Pablo Álvarez Rodríguez (Pontevedra- UGT)  
Marcos Estévez Orge (Pontevedra – CCOO)  
Carlos Mollinedo Lois (Pontevedra- CIG)  
Luis Pérez Gómez (Ourense - CIG)

#### XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

Xoán Cebro Rodríguez (CIG, non asiste)  
María Moreira Sendón (UGT, non asiste)  
Mª José Ríos Santomé (CIG, non asiste)

Acta da reunión celebrada ás 10:00 horas do 19 de febreiro de 2020, na sala de II do Edificio Miralles coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

### ORDE DO DÍA:


1. Proposta de acordo sobre equivalencia de categorías do PAS laboral.
2. Rolda de intervencións.

### 1. PROPOSTA DE ACORDO SOBRE EQUIVALENCIA DE CATEGORÍAS DO PAS LABORAL.

Previo ao inicio da sesión a Xerencia informa de que os membros da Xunta de PAS funcionario excusaron a súa asistencia por mor de que na orde do día só inclúfan asuntos concernientes ao persoal laboral.

A Xerenta inicia a sesión explicando que o borrador sobre "Equivalencia de categorías do PAS Laboral" que foi enviado aos Comités para tentar chegar a un acordo nesta reunión divídese en catro apartados, o primeiro inclúe as categorías laborais que se considerarían equivalentes para seren valoradas no apartado de méritos dos procesos selectivos pola quenda de acceso libre, e se tratan tres situacións singulares. No segundo punto proponse valorar os servizos prestados realizando funcións de categoría superior ou distinta. No terceiro propóñense criterios para refundir as listas de agarda das categorías en virtude das equivalencias anteriores e por último, no cuarto punto, proponse regularizar a denominación das categorías das listas de agarda e a RPT vixente.

Luis Pérez sinala que no se enviou a acta da última sesión que está pendente de aprobación; a Xerenta sinala que se enviará na próxima sesión.



Luis Pérez tamén solicita que esta comisión se reúna con máis asiduidade e que a Xerencia facilite a relación de contratacóns ou nomeamentos realizados dende a anterior reunión. Comenta que a consecuencia final das contratación efectuadas porriba da RPT é esgotar o orzamento do capítulo I. En relación co documento presentado pola Xerencia indica que establecer equivalencias de categorías vai ter repercusión sobre as convocatorias de procesos e tamén sobre os concursos de traslados; ademais salienta que o termo "a extinguir" só se dá na categoría de telefonista. Non está de acordo en que se compute un mesmo período de traballo para diferentes categorías. Manifesta que estes problemas se derivan das decisións adoptadas dende o 2004, coa creación de categorías fóra da RPT que despois nas modificacións de RPT ou non se inclúan ou tiñan diferentes denominacións.

Marcos Estévez indica que pode coincidir con esta análise pero que o que procede neste momento é buscar solucións favorables para os traballadores e traballadoras afectadas. Nesta reunión non se acadará un acordo, pero cómpre discutilo e enviar propostas á Xerencia.

A Xerenta expresa que finalidade desta reunión é tratar de resolver unha situación que pode ocasionar moitos problemas aos tribunais no momento de valorar a experiencia, sobre todo naquelhas categorías que mudaran a súa denominación, tentando de ocasionar o menor prexuízo posible ás persoas afectadas. Solicita aos membros dos comités que se posicíonen en relación ao proposto en cada unha das filas do cadro primeiro.


Resumidamente, hai acordo coa primeira fila; a fila 5 hai que eliminala, xa que non se pode valorar para a praza de TS Xenómica o tempo desempeñado na categoría de TS Determinación Estrutural e Protómica e Xenómica; as filas 6 e 7 hai que eliminálas porque son categorías diferentes e non hai persoal afectado. O resto das categorías debateránse na vindeira reunión.

Luis Pérez indica que poden darse casos de equivalencia nas prazas que xa están convocadas, como TS de I+D, xa que no seu momento contratáronse persoas na categoría de TS de I+D+i que se diferenciaba da anterior na xornada a realizar, con quenda de mañá e tarde. Pregunta dende cando se valora a experiencia na praza de TS Teledocencia, actualmente desempeñada en execución de sentenza, se dende a aprobación da RPT ou o determina a sentenza. Por último, refirese a unha situación que considera que pode afectar ao concurso de traslados, xa que so afecta a persoal laboral fixo, é o caso da categoría de Técnico Especialista de Informática e Redes que se transformou en TE TIC

A Xerenta, explica o punto 2 do primeiro apartado, que trata a situación concreta de 3 persoas e propón que a experiencia que tiñan na categoría de Técnico Superior de Apoyo á Investigación sexa valorada nas categorías que se indican, de acordo co que figuraba como obxecto no respectivo contrato. Os asistentes están de acordo coa proposta e Luis Pérez di que acepta sen estar de acordo.

En relación co segundo apartado, a Xerenta explica que o texto respecta o establecido no Convenio, que se deberían valorar os servizos prestados provisionalmente por terse autorizado funcións de categoría superior ou distinta.

Carlos Mollinedo considera que se debería aplicar aos procesos que se convoquen despois de asinar este acordo.



2

Luis Pérez manifesta que se deben valorar sempre e cando se les autorizara por figurar na correspondente lista de espera. Ademais, dado que hai pas laboral desempeñando postos de funcionarios, esta cuestión debe ser abordada coa Xunta de PAS.

A Xerencia está de acordo nesa cuestión, polo que a convocará para a seguinte reunión.

O terceiro punto do acordo tratarase tamén nesa vindeira reunión, unha vez se acade un acordo sobre as equivalencias de categorías; aclárase que a lista actualmente publicada de TS Análise Instrumental debe utilizarse únicamente para contratacóns da categoría de Técnico Superior de Determinación Estrutural.

Existe acordo sobre o cuarto punto, eliminado o termo “responsable” no denominación de Veterinario/a


## 2. ROLDA DE INTERVENCIÓN.

A Xerencia achega un documento para complementar a xestión da cobertura de postos do PAS laboral de xeito temporal mediante cambio de localidade e/ou quenda, que sirva para xestionar situacóns como a que nese momento está formulada: para substituír a Carlos Mollinedo, TE Bibliotecas en quenda de mañá en Pontevedra, por mor da súa liberación sindical, e seguindo o establecido no *Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos*, ofreceuse un cambio de quenda ao persoal con destino definitivo nese centro que o tivesen solicitado, que o rexeitaren; a continuación ofreceuse ao persoal fixo que tivese solicitado un traslado, resultando que so había unha, que se atopa en suspensión por ter rexeitado outra oferta do mesmo tipo hai uns meses. Nesta situación procedería acudir aso candidatos da lista de agarda comenzando por quen, estando contratado noutro campus tivese acreditado o padrón nesa localidade.

A Xerencia propón un novo procedemento que tras ser debatido e unha vez incorporadas as modificacóns propostas polos comités de empresa, resulta aprobado nos seguintes termos:

En desenvolvemento do previsto no II Convenio colectivo do persoal de administración e servizos e no Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional (DOG 07/04/09), en relación coas adscricións provisionais do persoal fixo, acórdase

- I. Vacante unha praza, cubrirase entre o persoal fixo que tivera solicitado por escrito un cambio de quenda ou un cambio de localidade, na seguinte orde:
  1. Persoal con destino definitivo que tivera solicitado un cambio de quenda, na prelación regulada no apartado 6.2.a) do Acordo.
  2. Persoal con destino provisional que tivera solicitado un cambio de quenda, na prelación regulada no apartado 6.2.a) do Acordo.
  3. Persoal que tivera solicitado un cambio de localidade.




Jasti



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

II. Unicamente se atenderán os pedimentos correspondentes á categoría na que se estea prestando servizos no momento da cobertura.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:00 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.

Three handwritten signatures in blue ink. From left to right: 1) A signature consisting of a long, thin horizontal line with a small, stylized mark at the end. 2) A signature consisting of a large, bold 'X' shape with a curved flourish above it. 3) A signature consisting of a large, flowing cursive 'J' shape with a smaller, more formal signature to its right.